



MODELO SILVÍCOLA	CS1
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Castanea sativa Miller</i> (altitude >550 m) ou <i>Castanea x hybrida</i> (altitudes menores), aplicable a formacións mixtas con piñeiros ou outras frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Madeira para serra e chapa. 200-250 pés/ha de calidade en corta final.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	Plantación de alta densidade para madeira: 815-1.430 pés/ha (3,5 x 2 m; 3,5 x 3 m; 3,5 x 3,5 m e 4 x 2 m). Deixar 3,5 m nunha das direccións para mecanizar. Plantacións de baixa densidade para madeira: 400-625 pés/ha (5 x 5 m a 4 x 4 m). Esixe o uso de material de excelente calidade xenética e morfolóxica (seleccionado en <i>Castanea sativa</i> e controlado en <i>Castanea hybrida</i> ). Emprego preferente de variedades ou clons resistentes á avespíña. Recomendable rega e preparación de alcorques. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Reposición de marras e roza total o primeiro ano tras plantación. Mecanizado entre liñas de plantación e manual nas plantas. Aboado (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual.

TRATAMIENTOS SILVÍCOLAS	
Podas de formación	Podas de formación buscando fuste continuo e vertical, a partir dos 2 anos ata os 6-7 anos, buscando 6 m de fuste recto, actuando repetidamente cada 2 ou 3 anos. Posible formar mediante poda só os pés de más calidade (400 pés/ha de boa conformación). Absolutamente necesaria en plantacións de baixa densidade (5 x 5 m a 4 x 4 m). Moi importante desinfección de ferramenta entre árbores. Cortes limpos e moi aconsellable uso de seladores (todas estas actuacións destinadas a evitar ataque do chancro). Poda baixa de tódolos pés ata 2,5-3 m, poda alta a 6 m de 250 pés/ha.
Desmestas	Optativo. Baixar a densidade a 600-800 árbores/ha, a realizar só se se parte de alta densidade. Aos 8-12 anos. Tratamento de restos de desmestas/podas por trituración, esparecido ou retirada para aproveitamento, segundo lexislación vixente, no 50% das entrelíñas.
Rareas	Primeira rarea, con selección de 250 árbores/ha, temperán (13-16 anos) se non se fixo desmesta, para favorecer crecemento diametral. Con desmesta previa, farase aos 18-20 anos (deixando 370 árbores/ha). Obtense madeira para estacas ou trituración. 2-3 rareas máis, con periodicidade de 7-8 anos, obténdose madeira serrable de pequena dimensión (primeiras rareas ou segundas), e serradura e ebanistería (segundas rareas en adiante), con tendencia a densidade final de 200 a 250 pés/ha. Recoméndase respectar arborado doutras frondosas autóctonas





	nas rareas. En masas mixtas con piñeiros, priorizar o castiñeiro como especie principal.
--	--

**CORTA FINAL DE REXENERACIÓN**

Idade de corta	30-60 anos, dependendo da calidade de estación e do diámetro obxectivo. Priorizar quendas longas para manter modelos de combustible de frouma baixo arborado como estratexia preventiva de incendios.
Métodos de corta	A feito. Rexeneración en chirpiais de monte baixo. Posibilidade de utilización combinada de brinzais e resalvos como forma de rexeneración.

